



030

**BALDRÁNS**

**S**empre foi coñecida esta parroquia co nome de Baldráns que hoxe conserva, e así é nomeada nunha escritura do 26 de febreiro de 1380, con expresión nela de que nese tempo era Reitor da metade da súa Igrexa, que intitulaba de Santiago, Xoán de Paramos. Venera por Patrón tutelar ao Apóstolo Santiago o Maior, que celebran aquí no seu día propio 25 de Xullo. Habitana 44 veciños que están suxeitos polo contencioso ao Xuíz de Tui, e polo político e gubernativo ao de Salceda. Valen os seus décimos 8.000 reais anuais, dos que levaba antes a metade o Abade párroco, e a outra metade o Beneficiado sen Cura que aquí había; pero nos primeiros anos do corrente século do 19 o Sr. Bispo Dn. Juan García Benito, coa aprobación da Rl. Cámara da súa Maxestade, uniu a sen Cura á Cura por ser as rendas curtas, e de conseguinte hoxe en día disfruta o Párroco todos os décimos por enteiro. Ten casa Reitoral e destros de 8 ferrados de pan en semente, que aquela antes estaba lonxe da Igrexa, pero o penúltimo Abade Dn. Juan González, de poucos anos a esta parte, cambiouna por outra con algún terreo xunto a ela preto de dita igrexa. Ademais percebe de renda anual dous ferrados de trigo, 2 de centeo e 2 de miúdo. A fábrica da igrexa cobra 107 reais cada ano. Aquel paga de pensión ao Cabido Catedral de Tui polos décimos que levanta 6 ferrados de centeo e 14 de miúdo. Este Curato é de presentación Real e Ordinaria como tamén o era a sen Cura. Confina co Miño, e dista da capital media legua curta.” (Ávila y La Cueva, 315).



**SANTIAGO**



## Igrexa parroquial

Da antigüidade deste lugar como habitado dan referencia xa algúns mapas nos que aparecen as vías romanas. Colocan en Baldráns unha bifurcación con dous ramais: un por Entenza, Salceda de Caselas, e Cristiñade (onde se atopa a ponte romana das Partidas e dos Remedios, en Ponteares), e o outro con dirección a Salvaterra pasando necesariamente por Caldelas e polas ribeiras do Miño cara a ponte romana de Fillaboa. E hai vestixios xa anteriores á dominación romana como os gravados rupestres de As Carneiras.

Xoán de Paramos foi o seu párroco no ano 1380, figurando como tal nunha escritura do 26 de febreiro. Neste tempo ao abade correspondíanlle a metade dos ingresos que tivera a parroquia, e a

outra metade era para outro Beneficiado sen cura.

O corpo da fábrica da igrexa actual, ante o mal estado que tiña a anterior, foi construído de novo sobre aquela no ano 1702. Na puxa para contratar a obra presentáronse dous constructores. Por un lado Pedro De Maquieira, mestre de cantería, e por outro Antonio de Pino, que era veciño de Taboexa. Concédese a obra ó primeiro deles, que firma o contrato o 19 de Xullo dese ano por un prezo de 1.800 reais de vellón.

Presenta unha nave rectangular unida a unha capela maior tamén rectangular, e máis estreita que a nave.

A **fachada principal (030)**, ao oeste, presenta no centro a porta principal, con arco de medio punto de sete doelas, tipicamente románica, na que o número está cargado de simboloxía. O número sete representaba o repouso. A porta daba entrada ao lugar onde un podía con calma atoparse e falar co seu Deus, sen presas nin distraccións. Este número sete ten tamén relación coas visións do libro da Apocalipse, cando fala da mensaxe ás sete igrexas, as sete estrelas, os sete anxos, e os selos e as trompetas.

Mesmo enriba dela, unha pequena ventá con forma de medio óculo da claridade para a entrada da nave, e xa no frontis outra ventá, esta rectangular e con pequeno derrame exterior e interior, ilumina o coro.



À altura da base desta fiestra, comeza a cornixa que percorre cada lado da nave para sustentar o tellado. Na fachada, enriba dela, en lugar de pináculos, adórnase cunha pedra labrada colocada en esquinál cun **adorno (033)** tipicamente barroco en forma de dous rulos nos extremos e convexa no exterior. Do adorno da parte sur ascéndese en curva ata a espadana. No lado norte ten os chanzos da escaleira.

A espadana sitúase no centro da fachada sobre unha cornixa voada. No primeiro corpo ten dous ocos con arco de medio punto para as campás. Outra cornixa voada sustenta os pináculos piramidais extremos e no centro outro pequeno corpo cun oco similar sobre o que se coloca a cruz de remate.

No lado norte presenta tres pequenas fiestras rectangulares de derrame interno e coas arestas rebaxadas. Todo o paramento está adornado cunha moldura superior e na unión coa capela maior. No centro del hai outra pequena porta de arco rebaxado.

Neste lado, desde a unión da nave co presbiterio, colócouse a sancristía, sensiblemente máis baixa e con tellado a tres augas.

O paramento sur é similar, pero ten só dúas fiestras e carece de porta lateral.

O tellado é a dúas augas e remátase con pináculos extremos de bola.

A capela maior preséntase con tellado a catro augas, con pináculos de bola nos extremos e cruz central no cumio. A súa altura é un pouco inferior ao corpo da nave.

No **interior (032)** presenta o piso da nave de pedra, as paredes enfuscadas por riba dun zócalo de pedra serrada, e a bóveda en arco, de madeira.

Únese a capela maior polo arco triunfal, que é de medio punto e moldurado.

O presbiterio é todo enfuscado, deixando en pedra o marco da porta á sancristía e a única ventá, rectangular, maior que as outras, e situada no paramento sur.

O paramento leste está presidido polo **Cristo da Agonía (034)**, ao que lle celebran a festa no mes de xullo. Unha gran cruz en madeira negra fai de sustento da cruz de tronco, na que pende a imaxe do Crucificado xa morto e sostido por tres cravos.



034



035



Xunto ao arco triunfal sitúase a antiga **pía bautismal (035)**, coa cabeza dun anxo na parte frontal.

Non se conserva ningún retablo. Tivo dous, e a imaxinería que conserva parece avalar que eran barrocos, pero na guerra da Independencia os exércitos franceses, no seu paso camiño a Tui, queimáronos. Da imaxinería destes retablos sería a figura do Patrón, a **Virxe do Carne (036)**, etc.

A **imaxe do patrón (031)** está situada no centro da nave, no vento sur, nunha fornela aberta no paramento, sobre unha base de pedra co relevo da cruz de Santiago e cun adorno superior con cunchas de vieira.

É unha talla de madeira, seguramente de comezos do século XVIII, que mostra a Santiago na Batalla de Clavijo, enarborando a espada na man dereita e sostendo coa esquerda as bridas do cabalo branco, que levanta as patas dianteiras sobre medio corpo e a cabeza dos inimigos, que reflicten expresión de estupor e medo (037).

Hai constancia de que en 1874, Jacobo Andrés Páez de la Iglesia, pintor natural de Tui, pinta unha Dolorosa de vestir de Santiago de Baldráns, figurando na mesma a súa sinatura.

Esta parroquia ten depositadas no Museo diocesano varias imaxes, entre as que cabe destacar unha de **Sta. Ana coa Virxe e o Neno (038)**, en madeira policromada,



do século XVII. Tamén un S. Sebastián (do século XVIII), unha de Sta. Lucía, e outra de S. Gregorio Magno.

Esta última imaxe probablemente proceda dunha capela na honra deste santo fundada por D. Benito Romero a comezos de 1700. No ano 1754 pertencía esta capela a un particular, D. Pedro Gil de Correa. Dela non queda nada. Tampouco doutra capela adicada a S. Xerónimo, na que no ano 1778 queda prohibido ter culto pola súa situación de ruína.

O recinto do adro foi antigamente cemiterio, e conserva algunhas lápidas e estelas que mostran o bo traballo de cantería (039) que se facía na zona e a devoción e cariño cos defuntos.

A **Cruz parroquial** (040.041) foi unha doazón particular. Está feita en prata e prata sobredourada imitando as do século XVIII. No seu pé ten unha inscrición: *"DONACIÓN DE TITO Y DORI A LA PARROQUIA DE BALDRANES AÑO 1989"* (anverso) *"CRUZ PARROQUIAL DE SANTIAGO DE BALDRANES (TUI) JULIO 1989"* (reverso).

#### FESTAS E ROMAXES DE BALDRÁNS

- Cristo da Agonía: 2º domingo de xullo.
- Santiago Apóstolo: 25 de xullo.

